

## GLOSARIO

### Que é a Economía Social?

A economía social é o conxunto de actividades empresariais motivadas por un obxectivo social forte e a vontade das persoas membro por facer o seu proxecto economicamente viable. **É poñer a economía ao servizo das persoas.**

Na economía tradicional, a rendibilidade mídese en termos de ganancias monetarias. Na economía social mídese pola mellora da calidade de vida dunha comunidade. **Máis que o lucro a calquera prezo, é a persoa a calquera prezo!**

As empresas de economía social están presentes en numerosos sectores. Incorporan unha multitude de iniciativas, como as cooperativas, as asociacións de traballadoras/es, empresas de inserción ou os centros especiais de emprego. Cambian o mundo, un produto ou un servizo á vez!

### Como funciona unha empresa de economía social

Para falar de economía social son necesarias dúas cousas: rendibilidade económica e unha misión que responde ás necesidades dunha comunidade.

A empresa de economía social contempla uns **principios orientadores**:

- Primeiro, existe principalmente para servir ás persoas membro e á súa comunidade.
- Goza dunha autonomía de xestión respecto ao goberno. Isto significa que o Estado non intervén na toma de decisións dentro da organización.
- Na economía social, non hai unhas/uns accionistas que buscan as ganancias monetarias.
- O diñeiro xerado pola empresa debe retornar ás persoas membro da colectividade para lograr un obxectivo común.

En fin, a empresa de economía social inspíranse nuns valores de participación, de autoxestión e de responsabilidade individual e colectiva. É administrada por e para as persoas.

As empresas de economía social representan **un modelo de xestión que xera resultados económicos, sociais, culturais e ambientais positivos** en calquera lugar onde se implanten.

---

